

NOME: \_\_\_\_\_ CURSO: \_\_\_\_ DATA: \_\_\_\_\_

## AS FAMILIAS DE INSTRUMENTOS

Tradicionalmente clasificamos as familias de instrumentos en tres grupos:

- **Vento:** son aqueles instrumentos que necesitan o aire para producir o seu son. Os instrumentos de vento divídense en dous grupos:
  - **Madeira:** son aqueles instrumentos de vento que están construídos de madeira ou que nos seus orixes estaban construídos en madeira. Estes instrumentos poden ter tres tipos diferentes de embocaduras: bisel (ex.: frauta traveseira), lingüeta dobre (ex.: óboe) e lingüeta simple (ex.: saxofón).
  - **Metal:** forman este grupo aqueles instrumentos de vento que están construídos de metal. As súas embocaduras teñen forma de copa (ex.: trompeta).

- **Corda:** forman esta familia os instrumentos que producen o seu son a través da vibración dunha ou máis cordas.

Os instrumentos de corda divídense en tres grupos:

- **Fretada:** son os instrumentos nos que as cordas se fretan cun arco (ex.: violín).
  - **Percutida:** forman este grupo aqueles instrumentos nos que as cordas son golpeadas (ex.: piano).
  - **Punteada:** son aqueles instrumentos nos que as cordas se tocan coas puntas dos dedos, é dicir, que se puntean (ex.: guitarra).
- **Percusión:** este grupo está formado polos instrumentos que producen o seu son ao ser axitados, golpeados, riscados, chocados ou fretados. Divídense en tres grupos en función dos materiais:

- **Madeira:** cando o instrumento é de madeira ou a parte do instrumento que produce o son está construída en madeira (ex.: maracas).
- **Metal:** cando o instrumento é de metal ou o son o produce unha parte construída de metal (ex.: triángulo).
- **Parche:** cando o son se produce ao golpear unha membrana (ex.: pandeiro).

Os instrumentos de percusión á súa vez poden dividirse en dous grupos en función de como é o son que producen:

- **Instrumentos de altura determinada:** cando o son que producen ten unha altura definida, é dicir, que podemos tocar con el unha melodía (ex.: xilófono).
- **Instrumentos de altura indeterminada:** cando o son que producen ten unha altura indefinida, é dicir, que só poden tocar ritmos (ex.: bombo).

Por tanto, os instrumentos de percusión clasificámoslos atendendo aos materiais nos que están construídos e a como é o son que producen. As claves, por exemplo, son un instrumento de percusión de madeira e producen un son de altura indeterminada.

**1.Escribe a familia dos seguintes instrumentos:**



#### 4. Completa o esquema:

